

# CS Automoción

Ciclo formativo de grao superior

Título LOE

Perfil profesional

Duración

**2.000 horas**

Que se aprende a facer? Organizar, programar e supervisar a execución das operacións de mantemento e a súa loxística no sector de automoción, diagnosticando avarías en casos complexos, e garantindo o cumprimento das especificacións establecidas pola normativa e polo fabricante do vehículo.

En que ámbitos se traballa? No sector de construción e mantemento de vehículos, nos subsectores de automóviles, vehículos pesados, tractores, maquinaria agrícola, de industrias extractivas, de construción e de obras públicas. Compañías de seguros. Empresas fabricantes de vehículos e compoñentes. Empresas dedicadas á inspección técnica de vehículos. Laboratorios de ensaios de conxuntos e subconxuntos de vehículos. Empresas dedicadas á fabricación, a venda e a comercialización de equipamentos de comprobación, diagnose e recambios de vehículos. Empresas de flotas de alugamento de vehículos, servizos públicos, e transporte de pasaxeiros e de mercadorías.

Que ocupacións se desempeñan? Xefe/a da área de electromecánica. Recepcionista de vehículos. Xefe/a de taller de vehículos de motor. Encargado/a de ITV. Perito/a taxador/ora de vehículos. Xefe/a de servizo. Encargado/a da área de recambios. Encargado/a da área comercial de equipamentos relacionados cos vehículos. Xefe/a da área de carrozaría: chapa e pintura.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0294	<b>Elementos amovibles e fixos non estruturais</b>	213
1º	MP0299	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0293	<b>Motores térmicos e os seus sistemas auxiliares</b>	267
1º	MP0291	<b>Sistemas eléctricos e de seguridade e confortabilidade</b>	240
1º	MP0297	<b>Xestión e loxística do mantemento de vehículos</b>	133
2º	MP0300	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0296	<b>Estruturas do vehículo</b>	123
2º	MP0301	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0298	Proxecto en automoción	26
2º	MP0292	<b>Sistemas de transmisión de forzas e trens de rodaxe</b>	209
2º	MP0309	Técnicas de comunicación e de relacións	53
2º	MP0295	<b>Tratamento e recubrimento de superficies</b>	192

**Nota.** Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico superior en Automoción

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0291 Sistemas eléctricos e de seguridade e confortabilidade.	UC0138_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas eléctricos, electrónicos, de seguridade e confortabilidade, e controlar a súa execución.
MP0292 Sistemas de transmisión de forzas e trens de rodaxe.	UC0139_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe, e controlar a súa execución.
MP0293 Motores térmicos e os seus sistemas auxiliares.	UC0140_3 Planificar os procesos de reparación dos motores térmicos e os seus sistemas auxiliares, e controlar a súa execución.
MP0294 Elementos amovibles e fixos non estruturais.	UC0134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, e controlar a súa execución.
MP0295 Tratamento e recubrimento de superficies.	UC0136_3 Planificar os procesos de protección, preparación e embelecemento de superficies, e controlar a súa execución.
MP0296 Estructuras do vehículo.	UC0135_3 Planificar os procesos de reparación de estruturas de vehículos, e controlar a súa execución.
MP0297 Xestión e loxística do mantemento de vehículos.	UC0137_3 Xestionar o mantemento de vehículos e a loxística asociada, atendendo a criterios de eficacia, seguridade e calidade.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0138_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas eléctricos, electrónicos, de seguridade e confortabilidade, e controlar a súa execución.	MP0291 Sistemas eléctricos e de seguridade e confortabilidade.
UC0139_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe, e controlar a súa execución.	MP0292 Sistemas de transmisión de forzas e trens de rodaxe.
UC0140_3 Planificar os procesos de reparación dos motores térmicos e os seus sistemas auxiliares, e controlar a súa execución.	MP0293 Motores térmicos e os seus sistemas auxiliares.
UC0134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, e controlar a súa execución.	MP0294 Elementos amovibles e fixos non estruturais.
UC0136_3 Planificar os procesos de protección, preparación e embelecemento de superficies, e controlar a súa execución.	MP0295 Tratamento e recubrimento de superficies.
UC0135_3 Planificar os procesos de reparación de estruturas de vehículos, e controlar a súa execución.	MP0296 Estructuras do vehículo.
UC0137_3 Xestionar o mantemento de vehículos e a loxística asociada, atendendo a criterios de eficacia, seguridade e calidade.	MP0297 Xestión e loxística do mantemento de vehículos.